



ANUNCIO
DE ACTO DE TRÁMITE do órgano instrutor

REQUIRIMENTO de documentación de EMENDA das SOLITITUDES
presentadas de BOLSAS COMEDOR Curso Escolar 2021/2022

I.- ANTECEDENTES: CONVOCATORIA DE AXUDAS AO QUE SE REFIRE ESTE ANUNCIO:

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, do día 24/03/2021, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras da concesión das bolsas comedor correspondentes ao curso escolar 2021/2022.

Un extracto deste acordo da Xunta de Goberno Local publicouse mediante anuncio no BOP da Coruña nº 59 do día 30/03/2021 e a convocatoria está identificada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) co nº. BDNS (Identif.): 554721.

As bases desta convocatoria de axudas das bolsas comedor e a información do anuncio do extracto da mesma atópanse publicadas nos seguintes enderezos electrónicos do Concello da Coruña e da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS):

Concello da Coruña:

<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl/noticias/detalle-noticias/bolsas-comedor-para-o-curso-2021-22/suceso/1453757848860?argIdioma=gl>

Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS):

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/554721>

O contido destas bases reguladoras da concesión das bolsas comedor correspondentes ao curso escolar 2021/2022 (en adiante, Bases Reguladoras da Convocatoria de bolsas comedor), pódese consultar na documentación electrónica cuxa identificación se indica de seguido e consta no expediente de referencia:

- Versión en castelán: CSV: 1P4T062G4G13503 0X0B
- Versión en galego: CSV:6F233G5X283A400F0ZYK
- Anexos á solicitude: CSV: 5M04100O222H0I16 167N os anexos á solicitude.

A base 13 da convocatoria de Beca Comedor 2021/2022 regula a concesión de bolsas comedor por causas sobrevidas do seguinte xeito:

13. CONCESIÓN POR CAUSAS SOBREVIDAS

13.1 Poderán admitirse de maneira excepcional solicitudes unha vez finalizado o prazo de solicitude e ao longo de todo o curso escolar 2021/2022, cando con posterioridade ao final do dito prazo de solicitude concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Traslado de residencia ou centro escolar desde outro municipio, que se acreditará mediante a presentación do certificado escolar, da inscrición no Padrón municipal ou doutra documentación suficientemente xustificativa.*
- b) Situacións de violencia de xénero, que deberán acreditarse mediante a documentación correspondente.*
- c) Cambios nas circunstancias laborais, económicas ou sociais, de saúde, familiares ou similares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria e que poidan derivar nunha situación de risco de exclusión social. Nestes casos, xunto coa solicitude deberase achegar o informe do persoal técnico dos Servizos Sociais municipais en que se acredite a dita circunstancia.*
- d) Inicio da prestación do servizo de comedor escolar nun centro educativo con posterioridade ao peche do prazo de presentación das solicitudes.*

As solicitudes de bolsa sobrevida deberán cumprir os mesmos requisitos e ir acompañadas da documentación preceptiva que se establece apartado 10 destas bases.



A mesma base establece que unha vez resolta a convocatoria xeral e publicada a lista definitiva de concesións e denegacións, examínanse as solicitudes sobrevidas presentadas e valoráranse de acordo co que establece a convocatoria xeral.

II.- CONTIDO DO ANUNCIO:

O día 18/10/2021, o órgano instrutor da tramitación desta convocatoria de axudas adoptou o seguinte acto de trámite que se detalla a continuación para o coñecemento das persoas interesadas:

PRIMEIRO.- *Aprobar o listado de requirimento de documentación e emenda de solicitudes sobrevidas convocatoria de axudas de bolsas comedor para o curso escolar 2021/2022, cuxa identificación electrónica se indica e consta no expediente de referencia:*

Código de documento: 10515I11WX
Código de verificación segura (CVS): 6D5K 0S5I 1Y2W 4D30 0DE5

SEGUNDO.- *Publicar no taboleiro de edictos do Concello da Coruña, ubicado na sede electrónica municipal, o anuncio que se achega e o listado de requirimento de documentación e emenda de solicitudes sobrevidas na súa versión anonimizada, cuxa identificación electrónica é a seguinte:*

Código de documento: 10515I11WH
Código de verificación segura (CVS): 1618 4K4Z 4B5Y 2R5Y 083Q

TERCEIRO.- *Comunicar o contido deste último listado de requirimento de documentación e emenda de solicitudes a unidade municipal responsable da xestión do teléfono de información cidadá (010)do Concello da Coruña, e publicalo ademais na páxina web na sección de servizos sociais da páxina web municipal.*

CUARTO.- *Requirirlles ás persoas interesadas incluídas no listado de requirimento de documentación e emenda de solicitudes sobrevidas para que, no prazo de 10 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, emenden a falta ou xunten os documentos preceptivos que se lles requiren.*

QUINTO.- *Advertirlles as persoas interesadas que constan no listado de requirimento de documentación e emenda por non chegar a documentación obrigatoria a que se refire o apartado 10.1 da convocatoria, que de non atender o requirimento ou non facelo de xeito adecuado, teráselles por desistidas da súa solicitude de axuda sobrevida, logo da resolución correspondente que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 23.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*

SEXTO.- *Advertirlles as persoas interesadas que constan no listado de requirimento de documentación e emenda por non chegar a documentación potestativa á que se refire o apartado 10.2 da convocatoria, que de non atender o requirimento ou non facelo de xeito adecuado, non se terán en conta aquelas circunstancias obxecto de baremación, e polo tanto valoración que non queden debidamente acreditadas no expediente.*

III.- INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O CONTIDO DO ANUNCIO:

No listado contido na notificación colectiva, relaciónanse por filas todas as solicitudes sobrevidas presentadas que son obxecto de requirimento de documentación e emenda de acordo co establecido no apartado 12. desta convocatoria de bolsas comedor e no artigo 23.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



As solicitudes figuran identificadas co código de asento de rexistro da solicitude de beca sobrevida e co correspondente número de expediente individualizado de cada solicitude, achegándose a continuación a seguinte información:

Denominación da columna	Información
Nº EXPEDIENTE	Número de expediente asinado a cada solicitude
COD. ASIEN TO	Código de asento de rexistro da solicitude inicial presentada no Rexistro de Entrada do Concello da Coruña(apartado 8.3 da convocatoria)
REQUERIMIENTO	Detalle da información ou documentación requirida ás persoas solicitantes
ESTADO DA DOCUMENTACIÓN	Situación da documentación da solicitude (Documentación incompleta)

MODO DE CONSULTAR A LISTAXE:

Código de asento (COD: ASIEN TO)


As solicitudes están publicadas por orde alfabética segundo o código do asento, que é o asento identificador da solicitude e que ven constituído por unha serie de letras e números.

1.- Se a solicitude se presentou de maneira presencial no Rexistro do Ágora, o seu código de asento comeza por AGOE, no de Mesoiro por MESE, no Fórum Metropolitano por FORE, na Franxa por FRAE e en María Pita por RMPE.

Nestes casos o identificador aparece na portada normalizada de documento electrónico que se lle entregou na oficina do Rexistro tal e como se pode observar na imaxe.



2.- Se a solicitude foi presentada de xeito electrónico o código aparecerá no campo " código de asento" ou no selo dixital do rexistro.





REQUIRIMENTO/ ESTADO DOCUMENTACIÓN

Nesta columna relaciónase a documentación que teñen que presentar as persoas solicitantes e ás que se lles concede un prazo de 10 días hábiles para emendar a solicitude.

O prazo de presentación comezará ao día seguinte da publicación do anuncio no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, do 19/10/2021 ao 02/11/2021, ambos inclusive.

Advírtese ás persoas solicitantes que constan na listaxe de requirimento de documentación e corrección de solicitudes por non achegar a documentación obrigatoria á que se refire o apartado 10.1 das bases reguladoras que, de non atender este requirimento ou non facelo de forma adecuada, entenderase por desistida da súa respectiva solicitude.

De acordo co previsto no apartado 10.3 das Bases Reguladoras desta convocatoria de bolsas comedor, advírtese ás persoas interesadas solicitantes que constan na listaxe de requirimento de documentación e corrección de solicitudes por non achegar a documentación potestativa a que se refire o apartado 10.2 das indicadas bases reguladoras de que, de non atender este requirimento ou o non facelo de forma adecuada, non se terá en conta en ningún caso aquelas circunstancias obxecto de baremación e valoración, a pesar de que na súa solicitude sinalaran ditas circunstancias.

PRESENTACIÓN DA EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

- Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa con CITA PREVIA¹
- Na sede electrónica municipal: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instrutor,
O xefe de Servicio de Servizos Sociais,
Carlos Santos Guerrero.

¹ CITA PREVIA: Para presentar a documentación nos rexistros municipais de María Pita, Ágora, Mesoiro, Fórum e a Franxa hai que solicitar cita previa a través da páxina web municipal <https://citaprevia.coruna.gal/>, Teléfono de Atención Cidadá 010 ou ben no teléfono de servizo automático de cita previa 881 505 101.